

Comunicado nº 189/19  
16 de agosto de 2019

□ RALICIRCUIT 2020.

O pasado venres, 9 de agosto, reuniuse unha Comisión de Traballo presidida por Don Carlos Álvarez Sindín para crear un novo **“Campionato de Rallyes Junior” (“Ralicircuit”)**, a celebrar nos Kartódromos e Autocróssdromos de Galicia:

- 1.- “Kartódromo da Magdalena”
- 2.- “Autocrossdromo de Arteixo”
- 3.- “Kartódromo das Pontes”
- 4.- “Kartódromo da Pastoriza”
- 5.- “Autocrossdromo de Carballo”
- 6.- “Kartódromo de Outeiro de Rei”

A iniciativa de iniciación ós rallyes denominarase “Ralicircuit”, Campionato 2020, e admitiranse pilotos de idades de 13, 14, 15, 16, 17 e 18 anos (con ou sen carnet de conducir), que os cumpran no ano de participación-tempada (exemplo 2020).

Os vehículos a admitir non poderán sobrepasar a cilindrada de 1.000 c.c., multimarcas, e terán que ser mecanicamente de serie agás dos amortecedores monotubo que poderán substituírse por uns de competición. Os espirais (muelles) terán que selos de serie. Estase a negociar con varios provedores de amortecedores para conseguir prezo taxado e incentivos-premios económicos. Os pneumáticos serán de serie da marca Pirelli (Asfalto), e de neve, aínda por designar, para os circuitos de Autocross.

O prezo da “Licencia Autónoma” para piloto, **exclusiva para Ralicircuit**, será con aseguramento debido e expedida pola Federación Galega de Automobilismo a un prezo de 60 €uros. A licenza de copiloto, terá que sela “Licencia Autónoma Única” o prezo conveniado coa “Real Federación Española de Automovilismo” ó ser obrigatorio que os copilotos teñan alomenos 18 anos, ou máis, e recoméndase con experiencia no eido dos rallyes.

Os premios por proba, incentivos, premio final con participación nun vehículo “R2”, nunha proba do Campionato de Galicia de Rallyes 2021 ou nunha proba das tres a celebrar do Campionato de España de Rallyes en Galicia (2021).

Os participantes, de dous en dous, darán nove voltas ó circuito, ata cumprilos nove quilómetros como mínimo cada treito. Os equipos farán tres tramos a maña, e tres treitos o serán, o que fai un total de seis treitos e máis de 60 quilómetros de treitos cronometrados en cada “Ralicircuit”. No caso de que un equipo non finalice un treito daráselle o tempo do peor máis dez segundos de penalización. Pode reparar e continuar participando no “Ralicircuit”. De non reparar a tempo doutra manga, aplícaselle o tempo con penalización, e así sucesivamente ata que repare.

Un equipo, de non finalizar algunha das tres mangas a celebrar pola maña, quedará excluído e non poderá participar nas mangas do serán.

Para optar á clasificación final de cada “Ralicircuit” terase que ter alomenos un tempo da maña e outro do serán, con inicialización e terminación de cada treito.

Continuarase informando das complementacións e ampliacións a iste comunicado, e en datas próximas publicarase o regulamento definitivo coa normativa, patrocinacións, incentivos, agasallos, premios, e prezo das inscricións taxadas, e dunha probable empresa que alugue vehículos de competición, por proba, ou para todo o Campionato.

Ista iniciativa é para cumprimentalo salto deportivo do Karting ó Automobilismo real.

**COMISIÓN PRO-RALICIRCUIT**